



ALERTA DA DIRECCIÓN XERAL DE EMERXENCIAS E INTERIOR DUN EPISODIO DE FENÓMENOS METEOROLÓXICOS ADVERSOS PARA GALICIA

DATA DE ENVIO: 13/03/2018

TIPOLOXÍA: VENTO

ESTE AVISO CONSIDÉRASE VÁLIDO ATA A MODIFICACIÓN NO NIVEL DE ALERTA.

NIVEL DE ALERTA: LARANXA

A Axencia Estatal de Meteoroloxía (AEMET) informa no boletín núm. 49/71GAL ás 10:36 horas, dun fenómeno meteorolóxico adverso por **VENTOS** con refachos de ata **100 km/h (SW)** que afectará a **Coruña, Lugo (A Mariña, Centro e Montaña), Pontevedra (Rías Baixas, Miño e Interior) e Ourense (Sur, Noroeste e Montaña)**. Comezando **nas primeiras horas do mércores día 14/03/2018 e prolongándose ata a tarde/noite do mesmo día 14.**

Así mesmo menciónase como **aviso amarelo por chuvias**, para as zonas de A Coruña (W,SW) Pontevedra (Rías Baixas) e Ourense (S) e **aviso amarelo de neve** por riba dos 1200 m. na Montaña de Ourense e Lugo.

A tenor de todo o anterior **RECOMÉNDASE:**

- **Evitar as actividades ao exterior.**
- **Evitar** os desprazamentos, en todo caso, antes de coller o coche, consultar o estado das estradas.
- Lembrar que co vento o mobiliario urbano puido terse **desprazado** e os restos de árbores e pólas que puideron caer á vía poden **condicionar** a circulación.
- Non **empregar** vehículos lixeiros, como bicicletas ou ciclomotores.
- **Afastarse** de edificios ruinosos, árbores, paneis publicitarios, estradas e obxectos que sexan susceptibles de desprazarse co vento.
- **Retirar** das fiestras, dos balcóns e dos tellados calquera obxecto que poida caer á rúa.
- Lembrar que o efecto de arrastre das choivas acaecidas pode provocar o **desprendemento** de terra e pedras.

POLO QUE A DIRECCIÓN XERAL DE EMERXENCIAS E INTERIOR COMUNÍCALLES, QUE, EN PREVISIÓN DESTES FEITOS: Adopten as medidas preventivas necesarias ante as citadas predicións meteorolóxicas e no seu caso ALERTEN ou MOBILICEN ós medios e recursos dispoñibles

Ante calquera emerxencia chame ó 112

- No caso de precisar información máis puntual ou detallada, chame ao CENTRO INTEGRADO DE ATENCIÓN ÁS EMERXENCIAS 112 GALICIA, ou consulte a páxina web da AEMET: www.aemet.es., do CIAE 112: www.axega112.gal e de Meteogalicia: www.meteogalicia.es

Rev1

Centro Integrado de Atención ás Emerxencias112 Galicia

